

## As escolas do Toxos serán gratis para loitar contra a crise

redacción ferrol - | 20 de Junio de 2013



imaxe do concurso de cuartetos celebrado no toxos en febreiro d.a.

O Toxos e Froles ofrece as súas escolas de gaita, baile galego e percusión tradicional de forma gratuíta para o vindeiro curso. Faino para conseguir que os rapaces se animen a participar

O Toxos e Froles ofrece as súas escolas de gaita, baile galego e percusión tradicional de forma gratuíta para o vindeiro curso. Faino para conseguir que os rapaces se animen a participar e, ó mesmo tempo, para contrarrestar os efectos da crise económica, que fai que, ante os recortes de ingresos, se prescindida de gastos como as actividades extraescolares. Os profesores, que son membros do coro, colaboran tamén desinteresadamente con esta iniciativa.

Ó mesmo tempo, desde o coro fan balance dun curso no que botaron a andar os concertos mensuais gratuítos, coa presenza de artistas como Kepa Junquera con La Musgaña, Davide Salvado, Os Melidaos ou o coro Aimil de Xinzo. Todas estas propostas, con entrada libre, conseguiron encher a sede do Toxos, na rúa Magdalena, ó igual que a recente presentación dun libro sobre lírica medieval de Henrique Monteagudo. “Resultou unha actividade estupenda”, comentan desde a directiva da entidade. “Non pensabamos que fose tan ben, que tivéramos tan boa resposta”.

O concurso de cuartetos (que gañou Xente Nova) ou o festival do 98 aniversario que se celebrou no Jofre, coa presenza de Cántigas da Terra e das Rendilheiras da Praça de Vila do Conde, foron tamén actividades que se destacan desde o Toxos pola boa acollida que tiveron, incluíndo ademais a recollida de alimentos para a Cociña Económica nesta última iniciativa.

“O Toxos e Flores sempre seguirá a traballar en tentar poñer a Ferrol no lugar que merece pola súa historia e que a nosa cidade sexa un referente cultural de Galiza”, explican nun comunicado de prensa.

Entre esas propostas está a celebración dun novo congreso de música tradicional, previsto para o último sábado do mes de outubro, ou a realización do concurso de dúo de gaita e percusión dirixido ós músicos máis novos do país, que tivo tamén moi boa resposta nas dúas edicións que se celebraron ata o de agora.

E mentres se consolidan estas iniciativas e se lle da un novo pulo ás escolas para fornecer a canteira, a directiva traballa na celebración do centenario, que será en 2015. O programa de actividades “está encamiñado”, explican, aínda que non dan máis pistas sobre unha data histórica para o Toxos e tamén para os coros históricos de Galicia, entre os que é o máis antigo con continuidade no tempo.

Puede ver este artículo en la siguiente dirección <http://www.diariodeferrrol.com/articulo/ferrol/as-escolas-do-toxos-seran-gratis-para-loitar-contra-a-crise/20130620000116050134.html>

**DiariodeFerrol.com**

© 2012 Diario de Ferrol

Copyright © 2012 Noticias de Ferrol, Galicia, España y del mundo - Diario de Ferrol. Todos los derechos reservados. Diseño y Adaptación: Openhost - [www.openhost.com](http://www.openhost.com)